

# O SEGREDO

## CAPÍTULO 1

---

A sombra do dragón chegaba a todas partes, aínda que Hadrián era o único que podía sentir a súa presenza. O poder de Dragal manifestaríase moi pronto, mais para aqueles que o ignoraban era un día máis, coma outro calquera.

Todos os alumnos da clase agardaban con expectación a chegada de dona Ermidas, coas cualificacións do exame de matemáticas. Sabían que, coma sempre, faría a entrada na aula logo de dous minutos de soar o timbre.

Nin un segundo antes nin despois.

A vella profesora chegou puntual, abrazando o seu cartafol no colo. Paseniño, colgou a chaqueta de la vermella no respaldo da cadeira e, logo de saudar aos presentes na aula, comezou a repartir as cualificacións polos pupitres.

—Antón... sen comentarios. Ímonos ver en setembro, e se cadra o ano que vén.

—Teresa... podías facelo moito mellor.

—Breixo ... hai que usar o miolo para algo máis que levar gorra.

—Antía... sigue así. Un oito.

—Marta... nesta ocasión eu agardaba moito máis ca un aprobado xustiño.

—Miguel... ben, raspadiño, pero algo é algo.

Mentres a profesora seguía o seu percorrido entre as mesas, achegándose pouco a pouco ao fondo da clase, Hadrián ollou pola fiestra. A choiva petaba contra os cristais, pero o rapaz tiña a ollada posta máis alá, na fachada da vella igrexa de San Pedro.

Atopouno coma sempre, na cornixa, e sorriu cando o vello Dragal lle chiscou un ollo nun xesto de complicidade.

O resto dos alumnos, alleos aos movementos do dragón de pedra, permanecían en absoluto silencio, atentos a cada xesto da súa titora. E dona Ermidas, tamén ignorante do acontecido, seguiu repartindo exames ata chegar á altura de Hadrián.

Daquela, a profesora detivo os seus pasos e pousou o folio, esborrachado polas dúas caras coa característica escrita diminuta do rapaz, sobre a súa mesa. Na marxe superior, a carón dos datos do alumno, en vermello e resaltado nun gran círculo, destacaba un «10» que a Hadrián lle pareceu grande coma un mundo.

—Aínda non sei como o fixeches... pero estouche abraiada —díxolle.

A faciana do mozo iluminouse cun sorriso que lle chegaba de orella a orella. Un dez! Polo rabo do ollo puido ver cómo a silueta de Dragal se remexía na cornixa. Si, o dragón de pedra tiña a facultade de lerlle o pensamento e xa era sabedor da noticia.

Incapaz de centrar a súa atención na clase, ao soar o timbre Hadrián foi o primeiro en erguerse do asento

para saír, mais non puido marchar da aula tan rápido como quixera. A profesora detívolle os pasos pousando unha man no seu ombreiro nun xesto que o rapaz non puido eludir.

—Agarda... quero falar contigo.

En segundos quedaron a soas, fronte a fronte, profesora e alumno.

Dona Ermidas observou detidamente ao rapaz, que nas últimas semanas perdera aquela ollada de neno extraviado coa que ingresara no instituto, ao comezo de curso.

—Queríache dar os meus parabéns. Desta vez fíxeches un gran traballo.

A profesora estivera todo o curso moi preocupada polo mozo. Fillo único dunha familia esnaquizada pola catástrofe, chegara ao centro trasladado dende outra cidade despois de que lle morrera o pai. «O tempo é a mellor menciña para estiñar as feridas da alma», pensou a docente.

Hadrián non respondeu deseguido. A dona Ermidas pareceulle que deixaba vagar a súa ollada a través da fiestra da aula, que se abría ao seu carón, fixándoa durante un intre nalgún punto máis aló. Foi apenas un instante, e logo a súa faciana mudou nun aberto sorriso que puxo á descuberta os brackets dun corrector dental.

—É que... desta vez fíxenlle caso e apertei os cóbados un pouco.

Esta non era a resposta que a profesora agardaba, pero entendeu que non tería outra mellor no caso de insistir. Non había nada máis que dicir así que, antes de deixalo marchar, alentouno cun breve consello.

—Sigue así, pronto atoparás o camiño que estás a buscar.

«Claro que si!», pensou Hadrián, mais non dixo ren. Premeu a man que levaba no peto do pantalón, sentindo cómo a forza do seu talismán lle traspasaba os dedos. Sentía a enerxía no antebrazo, no cóbado, chegaba xa ao ombreiro... Soltou antes de que lle queimase demasiado, sorriu de novo á muller e botou a andar polo corredor, cara á saída, onde Mónica estaba agardando.

Hadrián non podía falarlle a dona Ermidas do que xa sabía, dicirlle que agora xa atopara a senda que se abrira para el moitos séculos atrás, e que só estaba da súa man que se cumprise a profecía. Moi pronto.